

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA E O COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA NO DESENVOLVEMENTO DUN CONCURSO DE IDEAS, CON INTERVENCIÓN DE XURADO, A NIVEL DE ANTEPROXECTOS, PARA A CONSTRUCCIÓN DA NOVA SEDE DO IMELGA EN SANTIAGO DE COMPOSTELA.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

## REUNIDOS

Dunha parte, Alfonso Rueda Valenzuela, actuando en representación da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia

Doutra, Elena Ampudia Aixendri, actuando en representación do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, en virtude da súa condición de Decana -Presidenta, elixida nas eleccións de estatutarias do 27 de maio de 2020, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 38.a) dos estatutos do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, aprobados polo Decreto 105/2016, do 21 de xullo (DOG nº 153, do 12 de agosto).

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a sinatura do presente convenio e, a estes efectos

## EXPOÑEN

Primeiro.- Á Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, tal e como dispón o Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, correspóndelle o exercicio das competencias e funcións no ámbito de medios materiais a disposición da Administración de xustiza en Galicia, de acordo co establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia e nos termos sinalados pola Constitución Española.



Segundo.- O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, de acordo co disposto nos seus estatutos, aprobados polo Decreto 105/2016, do 21 de xullo, ten entre os seus fins realizar as prestacións de interese xeral propias da Arquitectura e do Urbanismo que considere oportunas ou que lle encomenden os poderes públicos conforme á Lei.

Así mesmo, os estatutos xerais dos Colexios Oficiais de Arquitectos de España e o seu Consello Superior, aprobados por Real Decreto 129/2018, do 16 de marzo, establece entre as funcións dos Colexios, no seu artigo 7.4 i), nomeadamente “prestar a colaboración que se lles requira na organización e difusión dos concursos que afecten aos arquitectos”.

Terceiro.- A Vicepresidencia e consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, no ámbito das súas respectivas competencias, consideran oportuno establecer un marco de colaboración que lles permita xuntar esforzos para facilitar a consecución dos seus intereses comúns.

Cuarto.- Pola súa banda, a Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, establece no seu artigo 7.3 que a Comunidade Autónoma de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración cos colexios profesionais para a realización de actividades de interese común e para a promoción de actuacións orientadas á defensa do interese público e, en especial, dos usuarios dos servizos profesionais dos colexiados.

Quinto.- A Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo ten previsto iniciar as actuacións para a construción dunha nova sede do IMELGA coa finalidade de contar cunha sede de referencia para a investigación médico-científica legal en Galicia.

Con carácter previo á licitación do procedemento para a contratación do servizo de redacción do proxecto para a construción dunha nova sede do IMELGA en Santiago de Compostela, vaise proceder á convocatoria dun concurso de ideas con intervención de xurado, a nivel de anteprojecto, xa que este tipo de procedemento permite obter un maior número de propostas para unha avaliación máis completa das posibles solucións, estimulando a creatividade e dando a posibilidade ao sector de participar na idea.

Para o desenvolvemento do concurso de ideas contarase coa asistencia do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia a través da súa área de concursos, pola súa condición de organismo representativo da profesión de Arquitectura e das súas relacións cos poderes públicos.



As principais condicións do concurso son fixadas de mutuo acordo co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia dentro do marco da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que conformarán o correspondente prego de bases do concurso.

O desenvolvemento do concurso de ideas para a obra de construción dunha nova sede do IMELGA en Santiago de Compostela está previsto resolvelo no prazo de 4 meses conforme á seguinte táboa:

Fase do concurso	Prazo necesario para esta fase	Prazo acumulado desde a publicación do concurso
Prazo presentación ofertas	4 semanas	4 semanas
Reunión Comisión Administrativa para Apertura sobre C (Designación de arquitecto proposto polos concursantes). Posible reiteración da aceptación a varios propostos, por orde de votos recibidos.	1 semana	5 semanas
Convocatoria do xurado para a súa constitución. Entrega dos sobres B á Comisión Técnica para a elaboración informe sobre B – propostas técnicas	4 semanas	9 semanas
Convocatoria do Xurado para análise informe sobre B. Acordo sobre a proposta gañadora e asignación do resto de premios	1 semana	10 semanas
Acto público para apertura sobre A (para coñecer identidade gañador e resto de premiados)	0,5 semanas	10,5 semanas
Sinatura da clasificación e requirimento de documentación (10 días hábiles)	2,5 semanas	13 semanas
Valoración da documentación presentada polo gañador e resto de premiados	0,5 semanas	13,5 semanas
Sinatura da resolución da adxudicación e notificacións da adxudicación (posibilidade de interpoñer recurso especial)	3 semanas	16,5 semanas

Sexto.- Neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrencia pública debido ás singulares características do Colexio Oficial de



Arquitectos de Galicia, pola súa representatividade na colaboración coas administracións nas materias da súa competencia

Ao abeiro de todo o exposto, no exercicio das funcións que lles son propias, as partes asinantes outorgan o presente convenio de colaboración con base ás seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto do presente Convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, durante o desenvolvemento dun concurso de ideas, con intervención de xurado, para a redacción do anteproxecto, que sirva de base ao correspondente proxecto técnico, básico e de execución, incluído o estudo de seguridade e saúde, o estudo de xestión de residuos, a certificación enerxética e o proxecto de telecomunicacións das obras de construción da nova sede do IMELGA en Santiago de Compostela.

SEGUNDA. Obrigas da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.

A Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, ten previsto convocar un concurso de arquitectura anónimo dos previstos no artigo 183.2.a da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, co fin de seleccionar o anteproxecto que servirá de base para a redacción do proxecto básico e de execución das obras de construción da nova sede do IMELGA en Santiago de Compostela, así como ó abono dos premios e custos derivados do mesmo que está previsto vaian a cargo da aplicación orzamentaria 05.22.131A.622.0 (código de proxecto 2021 00017: "Nova sede IMELGA") dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, aprobados pola Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2021.

Así mesmo, a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo ten previsto aboar o correspondente premio do concurso nun prazo de tres meses dende a publicación do fallo do Xurado.

Os participantes no concurso conservarán a propiedade intelectual dos traballos presentados e a plenitude dos dereitos morais recoñecidos na lexislación de propiedade intelectual que teñan a natureza de dereitos irrenunciabes e



inalienables, conforme ao disposto no artigo 14 do Real Decreto Legislativo 1/1996, de 12 de abril.

Os traballos presentados non poderán ser empregados para outros fins que os referidos nas Bases do concurso, nin sequera como material para a redacción doutros proxectos por outros profesionais diferentes dos respectivos autores.

Todos os participantes no concurso cederán ao órgano de contratación, os dereitos de explotación que correspondan sobre a publicidade da convocatoria e os seus resultados, tales como a publicación, difusión e exposición dos traballos presentados, aínda que permanecerán en anonimato aqueles participantes non premiados que o houberen solicitado.

Pola outra banda, e con cargo a mesma aplicación orzamentaria, a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo abonará ao Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia a cantidade de DEZ MIL EUROS (10.000,00 €) (IVE incluído) para compensarlle polos gastos que terá que asumir en virtude da súa colaboración e incluírá as dietas que o Colexio terá que aboar aos profesionais designados por el e que formarán parte do Xurado do concurso. Dita cantidade poderá ser liberada a medida que se vaian presentando os correspondentes xustificantes de gastos, de acordo coa Cláusula Cuarta deste Convenio.

TERCEIRA. Obrigas do Colexio de Arquitectos de Galicia

O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, en particular a través da súa Delegación en Santiago de Compostela, obrígase en función do presente Convenio a:

- Prestar a colaboración técnica que se requira por parte da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, para a instrumentación e desenvolvemento do concurso de ideas, con especial atención no asesoramento en cuestións relativas á viabilidade técnica.
- Crear a páxina Web do concurso e aloxala na páxina Web do COAG.
- Maquetar toda a documentación, proporcionándolle unha boa calidade para difundila a través da páxina Web do concurso.
- Difundir por tódolos medios ó seu alcance a convocatoria do citado concurso entre tódolos colexiados do territorio español, co fin de acadar a participación do máximo número deles.
- Ofrecer orientación e información aos participantes na presentación das súas respectivas propostas, e colaborar na xestión das súas visitas aos terreos onde está prevista a construción da nova sede do IMELGA en Santiago de



- Compostela. En todo caso, as visitas, nun máximo de dúas, organizaranse de xeito conxunto para todos os participantes que desexen asistir a elas.
- Colaboración na resolución das consultas presentadas á Administración en relación co concurso, e publicación das respostas ás mesmas na páxina Web do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, en coordinación coa Administración.
  - Entrega aos participantes da documentación en formato dixital mediante a Web do concurso e a difusión do concurso a través doutros colexios profesionais.
  - Velar polos dereitos e obrigas dos concursantes no propio marco das funcións do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.
  - Difusión a través da páxina Web do Colexio dos premiados no concurso.

Así mesmo, obrígase a formar parte do Xurado que resolverá o concurso referenciado mediante a designación de dous profesionais que actuarán como vogais.

#### CUARTA. Cumprimento

Para acreditar o cumprimento do establecido na cláusula terceira, e con carácter previo a cada un dos pagamentos, o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia entregará á Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo a seguinte documentación:

- Unha memoria xustificativa das actuacións realizadas.
- Documentación xustificativa dos gastos realizados que acrediten a realización das actuacións reflectidas na antedita memoria mediante a achega de facturas, nóminas ou outros documentos de valor probatorio equivalente no tráfico mercantil.

En todo caso, no momento no que se teña realizado por parte do Colexio Oficial de Arquitectos a totalidade do obxecto do convenio, deberá aportar un certificado asinado pola Decana – Presidenta onde se exprese tal circunstancia.

#### QUINTA. Publicidade

Este convenio será obxecto de publicación de acordo co previsto na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.



#### SEXTA. Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá vixencia ata o 15 decembro de 2021, salvo prórroga por acordo mutuo das partes antes da súa finalización para o cumprimento da finalidade nel establecida.

#### SETIMA. Seguimento

O seguimento da execución do presente convenio encoméndase á Subdirección Xeral de Xestión Económico -Administrativa da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, á que deberá ser remitida toda a documentación relativa ao mesmo.

Para a interpretación de cantas dúbidas xurdan na aplicación do convenio, créase unha comisión mixta que estará integrada por un representante de cada unha das partes asinantes deste convenio.

En caso de discrepancia, e en última instancia, resolverán os órganos xurisdicionais competentes.

O incumprimento da calquera das cláusulas do presente convenio faculta a calquera das partes asinantes para instar, por escrito e cun preaviso mínimo dun mes, a resolución do mesmo.



## OITAVA. Natureza

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, logo de informe ou proposta da comisión de seguimento, pola Vicepresidencia primeira e consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asínano electronicamente na data que figura á marxe.

O VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E  
CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO

A DECANA – PRESIDENTA  
DO COLEXIO OFICIAL DE  
ARQUITECTOS DE GALICIA

Alfonso Rueda Valenzuela

Elena Ampudia Aixendri

